CONCELLO DE ARBO

Horacio Gil Expósito (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 12/05/2023
HASH: fe06006b74b522f7b13f6177602dab74

PATRICIA HERNÁNDEZ ESTÉVEZ (2 para 2)
SECRETARIA - INTERVENTORA
Data de Sinatura: 12/05/2023
HASH: 4930e585f28effefaf4f936dd2139ec7

Expediente nº: 125/2023
Resolución de Alcaldía datada e asinada ao marxe
Procedemento: Requirimento de documentación para a listaxe definitiva de solicitudes de novas incorporacións para o PAI o próximo curso 2023-2024
Documento asinado por: Alcaldía e Secretaría

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a listaxe provisional de admitidos no PAI de Barcela do Concello de Arbo para o curso 2023/2024 , aprobada por Resolución de Alcaldía de data 19/04/2023 e publicada na páxina web do Concello de Arbo o día 19/04/2023.

Tendo en conta que o PAI ten un número máximo de prazas, 20 en total, faise necesario a creación destas listaxes para dar prioridade, primeiro aos nenos e nenas que xa están matriculados de anos anteriores, despois ás novas incorporacións que se inscriban no período correspondente e, por último as solicitudes que cheguen por orde no rexistro de entrada do Concello, tendo en conta sempre os criterios que marque o Regulamento do PAI.

Unha vez rematado o prazo para presentar reclamacións contra a listaxe provisional de admitidos no PAI de Barcela o día 11/05/2023, sen que se teñan presentado alegacións ou reclamacións á mesma.

E para dar cumprimento o artigo 9 do Regulamento de Réxime Interno do PAI, que establece o seguinte:

"Artigo 9º .- CRITERIOS DE ADMISIÓN

Unha vez presentada a solicitude e a documentación requirida para admisión de ingreso no PAI, efectuarase unha selección, por rigorosa orde de inscrición.

***Méritos**: esta orde poderá ser alterada nos casos seguintes:*

- *Se os/as destinatarios/as e os/as seus/súas titores/as e/ou representantes legais non figuran empadroados no Concello, terán prioridade de ingreso a solicitude dos membros da unidade familiar que si figuren empadroados, sobre outra solicitude na que os membros non o estean. As solicitudes de persoas non empadroadas obterían unha praza no PAI, sempre que existan prazas dispoñibles.*

- *Tamén terán prioridade as nais traballadoras sobre as que non traballan fóra da casa, xa que trátase de facilitar a conciliación entre a vida familiar e laboral.*

- *Así mesmo, terán prioridade os casos excepcionais con necesidades de integración (marxinación ou exclusión social). Terase en conta o Informe dos Servizos Sociais.*

***Resolución:** No caso de que se dea resolución favorable o/a neno/a pasará a ser dado/a de alta no servizo ou ben permanecerá en lista de agarda."*

Así de acordo coas facultades que me outorga o artigo 21.1 s) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Cod. Validación: WH4TGEQ4TGKLC6T6LLKWSDW76
Corrección: https://concellodearbo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Primeiro.- Solicitar ás persoas titoras dos nenos e nenas que aparecen na listaxe Provisional, e que se refiren as novas incorporacións, a documentación que acredite os méritos para a súa valoración de conformidade co artigo 9 do Regulamento antes referido. E que son:

Listaxe Preinscrición de novas incorporacións:

1. Mencía Platero Leal
2. Leo Covelo Comesaña
3. Xiana López Ferreira
4. Mateo Alfonso Vallejo
5. Ángel Martínez Estévez
6. Mario Teiga Fernández
7. Alex Groba Iglesias
8. Olivia Pretel Castro
9. Antía Martínez Beltrao (Data prevista de nacemento 7/06/2023)
10. Vilabrú Domingues (Data prevista de nacemento 28/07/2023)

Segundo.- Concederlles un prazo de 10 días hábiles para presentar dita documentación, a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución aos/as interesados/as. A presentación pode realizarse a través do rexistro xeral nas dependencias do Concello ou ben a través da sede electrónica do Concello.

Á presente resolución tamén se lle dará publicidade a través da súa publicación na páxina web do Concello.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo procederase a valoración de dita documentación polos servizos sociais ao abeiro do artigo 9 do Regulamento, e farase pública a listaxe definitiva a través do taboleiro de anuncios e da páxina web do Concello.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Horacio Gil Expósito, en Arbo, do que, eu como Secretaria, dou fe.

O Alcalde, Horacio Gil Expósito. *Sinatura dixital á marxe.*

A Secretaria fedataria, Patricia Hernández Estévez. *Sinatura dixital á marxe.*

Cod. Validación: WH4TGEQ4TGKLC6T6LLKWSDW76
Corrección: https://concellodearbo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2